



“UN POUCO DE FÍSICA...”

A Lei de Murphy.

Baseándonos en que os gatos sempre caen de pé e as tostadas polo lado da manteiga (unha das leis de Murphy); se atamos unha tostada ó lombo dun gato, untámola e deixamos caer o felino, ¿Por que lado o fará?

Respostas:

1. Obviamente non cae, ao ser a lei de Murphy inquebrantable ao igual que a lei da gravidade, quedarán suspendidas no aire xirando eternamente.
2. Todo depende do prezo da alfombra, se custou un “wevo” mancharase de manteiga. Se o gato e a alfombra son persas, é probable que se alíen para evitar a mancha.
3. Hai un caso no que non se cumpre a lei de Murphy: “Ao realizar o experimento só, e sen medios para acreditalo”.

Exames de instituto

Respostas de exames de instituto

-A catedral de León:

Foi construída polos romanos grazas a un arquitecto americano.

- Formación das cordilleiras:

As montañas non se forman en un ou dous días, tardan moito tempo en formarse.

- ¿Que é a atmosfera?:

A atmosfera é o sitio onde se encontran os procesos atmosféricos como as nubes. Nesta parte prodúcese os raios sísmicos, que son aqueles que producen os terremotos e o temblamento da terra.

- Movementos do corazón:

De rotación ao redor de si mesmo e de traslación ao redor do corpo.

- Círculo:

É unha liña pegada polos dous extremos formando un redondel.

- Averiguar se é primo o número 2639:

Pa’ min este número é primo porque creo que non hai ningún número que dividido por este número que é 2639 nos dea exacto. Se vostede ve que está mal corríxao.

- Primeira lei de Mendel:

Mendel era un home que durante toda a súa vida dedicouse ó cruce das plantas. Das súas experiencias fixo un libro pero publicárono nunha encadernación mala e a xente non se enterou. Despois de Mendel dúas persoas descubriron o mesmo que el sen sabelo e viron que perderan o tempo inutilmente.

-O anarquismo;

É unha ideoloxía racional e astrinxente.

